- * Subministros para protección fronte ao COVID-19, que se reduce nun 90%, dada a evolución favorable da pandemia.
- * Asistencias técnicas desenvolvemento PXOM, que se reduce nun 30%, en función do calendario de execución do contrato e unha vez abonado o documento aprobado inicialmente.
- * Proxecto de reforma das edificacións na Praza da Igrexa, que se reduce nun 50%, toda vez que se ten rematado o proxecto básico.
- * Oficina de rehabilitación, que se incrementa nun 19,99% para possibilitar unha modificación do presente contrato, derivada da existencia de catro novas áreas de rehabilitación integral.
- * Locomoción persoal non directivo, que se reduce nun 14,88%, en función do nivel de execución do exercicio en curso.



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Xerencia de Urbanismo - Vigo EXPEDIENTE 13843_407 | Data impresión: 22/10/2021 11:15 CSV: 2285A1-22532C-4BC7B8-72XS1H-GX9KYX-EH | Páxina 2 de 6 |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |



Concello de Vigo

As maiores partidas do capítulo II son a de Execucións subsidiarias, que se mantén en 500.000,00 euros, a da Oficina de rehabilitación, cunha consignación de 327.535,00 euros, e a destinada a sufragar o contrato de redacción do novo Plan Xeral de Ordenación Municipal, a pesar da redución experimentada (a súa consignación é de 287.980,00 euros).

Incorpóranse tres novas partidas cunha consignación global de mais de 50.000 euros: Plan especial Párroco Don Camilo, Declaración de área de rehabilitación prioritaria do Berbés e Plan Especial do Ensanche.

Capítulo VI. Investimentos reais.

Neste capítulo inclúense investimentos financiados con cargo a fondos propios, tanto os necesarios para o funcionamento adecuado dos servizos urbanísticos (maquinaria e instalacións, mobiliario, equipos informáticos e reformas do edificio), como os que favorecen o desenvolvemento urbanístico: expropiacións e adquisicións de solo, cotas de urbanización a cargo do Concello e investimentos en bens do Patrimonio Municipal do Solo.

No total do orzamento, as consignacións iniciais do capítulo VI de investimentos reais, supoñen un 11,68%, experimentando un incremento respecto do exercicio anterior do 272,39%.

Dito aumento procede da partida Investimentos edificios Praza de Igrexa, que acada unha consignación de 850.000,00 euros, derivada do acordo da Xunta de Goberno Local de 17.09.2021, que aprobou o “Plan de sostibilidade turística do destino Vigo”, con base no “Plan de Recuperación, Transformación e Resilencia”, financiado cos fondos “Next Generation” da Unión Europea.

Este Programa conta con varias actuacións, entre elas a construcción do Centro de recepción de visitantes, mediante a reforma de edificacións na Praza da Igrexa, cun financiamento previsto total de 1.800.000 euros: 850.000 euros en 2022 e 950.000 euros en 2023.

Conforme se expresa nas Bases de Execución Orzamentaria da Xerencia de Urbanismo (base 6^a) o crédito desta partida vincúlase, por tratarse de financiamento afectado, á concesión de correspondente subvención.

O resto de partidas non varían.



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Xerencia de Urbanismo - Vigo EXPEDIENTE 13843_407 | Data impresión: 22/10/2021 11:15 CSV: 2285A1-22532C-4BC7B8-72XS1H-GX9KYX-EH | Páxina 3 de 6 |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |



Concello de Vigo

Capítulo VII. Transferencias de capital

Mantense as partidas destinadas a axudas a accesibilidade nos edificios cun crédito de 50.000 euros, e a subvencionar a iluminación de edificios históricos cunha dotación de 20.000 euros. Non hai variacións respecto do exercicio anterior.

O capítulo VII representa unha porcentaxe do 0,82% no total do Orzamento.

Capítulo VIII. Activos financeiros.

Este capítulo recolle o importe máximo dos préstamos reintegrables concedidos ao persoal propio da Xerencia. O seu financiamento figura no concepto de ingresos que contempla a devolución dos devanditos préstamos. Supón o 0,37% do orzamento total.

-II-

ORZAMENTO DE INGRESOS

O Orzamento de Ingresos ascende a 8.540.995,85 euros, o que supón un incremento do 12,44% respecto do exercicio anterior.

Realízase a seguinte análise por capítulos:

Capítulo III. Taxas e outros ingresos

Neste capítulo inclúense as taxas que gravan a expedición de documentos, a tramitación de licenzas (obras, primeiras ocupacións e actividades), as sancións por infraccións urbanísticas e as execucións subsidiarias. A porcentaxe nos totais é do 19,50 %.

Realizouse un axuste, á vista da execución orzamentaria no exercicio actual, consistente no incremento nun 25% das previsión de ingresos dos conceptos de Licenzas de obras e de Licenzas de actividades. Os importes destas previsións para 2022 no acadan a recadación xa materializada a 30 de setembro deste ano (conforme se desprende do avance de execución integrado na documentación deste Orzamento). Tense en conta tamén a exención



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Xerencia de Urbanismo - Vigo EXPEDIENTE 13843_407 | Data impresión: 22/10/2021 11:15 CSV: 2285A1-22532C-4BC7B8-72XS1H-GX9KYX-EH | Página 4 de 6 |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |



Concello de Vigo

da taxa de licenza de obra, prevista na ordenanza fiscal para 2022 (actualmente en trámite de alegacións) para os supostos de “*obras a realizar na vivenda habitual de persoas que pola súa capacidade económica resultaren exentas da taxa de lixo de vivenda*”.

O resto de partidas non experimentan cambios.

A variación total do capítulo III respecto do exercicio anterior representa un aumento do 20,45%.

Capítulo IV. Transferencias correntes

O importe do capítulo cuarto no total do orzamento representa un 70,16%. Neste capítulo figura a achega do Concello á Xerencia Municipal de Urbanismo por unha contía de 5.829.965,00 euros, idéntico importe que en 2021.

Desaparece a achega da Xunta de Galicia para o financiamento do PXOM, toda vez que o convenio asinado con esta Administración non contempla de forma autónoma a fase de execución da revisión do Plan Xeral prevista para 2022

Increméntase a transferencia da Oficina de Rehabilitación nun 12,58%, en función do financiamento previsto nos convenios a asinar co Instituto Galego de Vivenda e Solo e a Administración do Estado.

No seu conxunto o capítulo IV experimenta unha diminución do 3,03% respecto do ano 2021.

Capítulo V. Ingresos patrimoniais

Recolle os xuros polos depósitos da Xerencia nas entidades financeiras, cun importe de 1.000,00 euros, o que supón unha porcentaxe do 0,01% sobre o total. As previsións reflectidas neste concepto non varían respecto do exercicio precedente.

Capítulo VII. Transferencias de capital

Créase un novo concepto, “Financiamento edificios Praza da Igrexa, FRTR”, cunha previsión de 850.000,00 euros (anualidade 2022).

Dito importe procede dos fondos "Next Generation" da Unión Europea, e ten como destino a construción do Centro de recepción de visitantes nas edificacións da Praza da Igrexa, no



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Xerencia de Urbanismo - Vigo EXPEDIENTE 13843_407 | Data impresión: 22/10/2021 11:15 CSV: 2285A1-22532C-4BC7B8-72XS1H-GX9KYX-EH | Página 5 de 6 |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |



Concello de Vigo

marco do "Plan de sostibilidade turística do destino Vigo" aprobado pola XGL o 17 de setembro de 2021.

O capítulo VII, no total do orzamento, representa un 9,95%.

Capítulo VIII. Activos financeiros

Inclúe as devolucións dos préstamos concedidos ó persoal propio da Xerencia: 32.000 euros que supoñen o 0,37% do orzamento total. Mantense as previsións idénticas ás do exercicio anterior.

No lugar e data da sinatura electrónica

Juan González Ramírez, xefe dos Servizos Centrais da XMU



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Xerencia de Urbanismo - Vigo | Data impresión: 22/10/2021 11:15 | Páxina 6 de 6 |
| EXPEDIENTE 13843_407 | CSV: 2285A1-22532C-4BC7B8-72XS1H-GX9KYX-EH | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |



ORZAMENTO O.A. "XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DE VIGO 2022"

Concello de Vigo

Expediente nº 13843/407

PROPOSTA:

De conformidade co preceptuado polo artigo 168 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo), a Xerencia Municipal de Urbanismo como Organismo Autónomo adscrito ao Concello de Vigo, presenta ao Consello da Xerencia, a aprobación do seu Orzamento.

Redactouse este Orzamento seguindo o previsto polos artigos 162 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aprobou o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, contendo a expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo, poden recoñecer este Organismo Autónomo e os dereitos que se prevén liquidar durante o exercicio 2022.

De conformidade co artigo 165 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, o Orzamento está integrado por:

- Os estados de gastos, nos que se inclúen, coa debida especificación, os créditos necesarios para atender ó cumprimento das obrigas.
- Os estados de ingresos, nos que figuraran as estimacións dos distintos recursos económicos a liquidar durante o exercicio.

Así mesmo, inclúense as bases de execución, que conteñen a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias deste Organismo, sen prexuízo da aplicación das bases xerais do Concello.

Conforme co artigo 168.1 e 2 do propio Real Decreto Lexislativo 2/2004, ó Orzamento do Organismo Autónomo únese a seguinte documentación:

- Memoria explicativa do seu contido e das principais modificacións que presente en relación co vixente.
- Liquidación do presuposto do exercicio e avance da do corrente, referida, polo menos, a seis meses do exercicio corrente.
- Anexo de persoal da Entidade Local.



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Xerencia de Urbanismo - Vigo | Data impresión: 22/10/2021 11:15 | Páxina 1 de 3 |
| EXPEDIENTE 13843_407 | CSV: 228HA3-24552B-5DA5AC-9EZMVE-W2XCFU-EH | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

| | |
|--|--|
|  Concello de Vigo | ORZAMENTO O.A. "XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DE VIGO 2022" Expediente nº 13843/407 |
|--|--|

- 4) Anexo dos investimentos a realizar no exercicio.
- 5) Anexo de beneficios fiscais en tributos locais contendo información dos beneficios fiscais e a súa incidencia nos ingresos da Xerencia.
- 6) Un informe económico-financeiro, no que se expoñen as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos, a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento.

Contido salientable.

O importe total do Orzamento da Xerencia para 2022 é de 8.540.995,85 euros, deixando de incluír no capítulo VI do Estado de Gastos os investimentos a financiar co remanente líquido de tesourería e cos recursos obtidos polo alleamento de bens do PMS, tanto os producidos en exercicios anteriores e non aplicados a gastos determinados como aqueles que se poidan producir en 2022. Nestes casos tramitarase o correspondente modificación orzamentaria. Tamén serán obxecto de incorporación os remanentes de crédito non executados a 31 de decembro de 2021 e que suporán un forte aumento nas consignacións dos capítulos VI de Investimentos e VII de Subvencións de capital, especialmente as destinadas ás axudas do Programa de Rexeneración e Renovación Urbana do Plan Estatal de Vivenda, que permitirán o financiamento de obras de particulares en vivendas situadas nas Áreas de Rehabilitación Integral de Vigo.

Os gastos correntes redúcense un 2,94%, especialmente como consecuencia da menor consignación na anualidade do contrato de revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

O capítulo I de gastos de persoal recolle a previsión dun incremento salarial do 2% para o exercicio 2022. Tamén contempla a creación de novas prazas, para a estabilización do emprego público e o fomento da promoción interna.

Consígnanse créditos, igual que os exercicios anteriores, para posibilitar a concesión de axudas para comunidades de propietarios que executen obras de mellora na accesibilidade dos edificios antigos e para colaborar no financiamento da iluminación de edificios históricos.



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Xerencia de Urbanismo - Vigo EXPEDIENTE 13843_407 | Data impresión: 22/10/2021 11:15 | Página 2 de 3 |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | CSV: 228HA3-24552B-5DA5AC-9EZMVE-W2XCFU-EH | |



**ORZAMENTO O.A. "XERENCIA MUNICIPAL
DE URBANISMO DE VIGO 2022"**

Concello de Vigo

Expediente nº 13843/407

Todos estes gastos financiaranse de acordo cunhas previsións de ingresos que globalmente se incrementan un 12,44%, polo incremento aplicado nas taxas, á vista da execución orzamentaria no exercicio actual, e pola incorporación dunha partida no capítulo VII, na que se prevé ingresar 850.000,00 euros procedentes dos fondos "Next Generation" da Unión Europea. O destino destes fondos é a construcción do Centro de recepción de visitantes nas edificacións da Praza da Igrexa.

Existe suficiencia financeira para asumir os custos deste Organismo Autónomo no ano 2022, de tal forma que existe cobertura orzamentaria de todos os contratos vixentes, de todos os compromisos de gastos adquiridos e dos gastos proxectados.

Proposta.

En conclusión, proponse ao Consello da Xerencia (competente de acordo co artigo 10º.1.h) dos vixentes Estatutos deste Organismo Autónomo) que eleve á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

"Propoñer ao Pleno do Concello a aprobación, como parte do seu Orzamento Xeral, do Orzamento do Organismo Autónomo "Xerencia Municipal de Urbanismo" para o exercicio 2022, que ascende ó importe de 8.540.995,85 euros".

Vigo, na data da sinatura electrónica

Carlos Hernández Figueruelo, XERENTE

CONFORME: María José Caride Estévez, VICEPRESIDENTE



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Xerencia de Urbanismo - Vigo EXPEDIENTE 13843_407 | Data impresión: 22/10/2021 11:15 | Página 3 de 3 |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | CSV: 228HA3-24552B-5DA5AC-9EZMVE-W2XCFU-EH | |



INFORME DE INTERVENCIÓN

ASUNTO: Orzamento do Organismo Autónomo Local Xerencia de Urbanismo para o ano 2022.

Examinado o proxecto de orzamento do Organismo Autónomo Local Xerencia de Urbanismo (en diante XMU) para o ano 2022, de conformidade co establecido no artigo 168.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e o 18.4 do R.D. 500/90, de 20 de abril, polo que se desenvolve o TRLRFL en materia presupostaria, esta Intervención, en uso das facultades conferidas no artigo 4.1 b) 2º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, procede a emitir o seguinte

INFORME:

1.- Lexislación aplicable:

Lexislación específica de Réxime Local:

- Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (en diante, TRLRFL), e Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei Reguladora das Facendas Locais (RP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (en adiante, LRBRL).
- Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.
- Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a Estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais.
- Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira (en adiante, LOEOSF), e Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locais.
- Ley 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en adiante, LPAC)
- Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionários de Administración Local.
- Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional (artigo 4.1 b)).
- Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrucción do Modelo Normal de Contabilidade Local.

2.- Concepto:

As Entidades Locais están obrigadas a elaborar e aprobar anualmente un orzamento único que constitúe a expresión cifrada, conxunta e sistemática das obligacións que, como máximo poden



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Xerencia de Urbanismo - Vigo EXPEDIENTE 13843_407 | Data impresión: 22/10/2021 11:16 CSV: 268HAB-265725-5HB12F-A5C9JP-3QRHST-EH | Página 1 de 8 |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |



XERENCIA DE URBANISMO

CONCELLO DE VIGO

INTERVENCIÓN XERAL

recoñecer a Entidade e os seus Organismos Autónomos, dos dereitos que prevexan liquidar durante o correspondente exercicio, así como das previsións de ingresos e gastos das sociedades mercantís de capital integralmente local.

3.- Contido:

O orzamento xeral da Entidade Local estará integrado por:

- a) O orzamento da propia Entidade.
- b) Os dos Organismos Autónomos dependentes da mesma.
- c) Os estados de previsión de gastos e ingresos das sociedades mercantís cuxo capital social pertenza integralmente á entidade local.

En cumprimento do disposto no artigo 165 do TRLRFL, o orzamento da XMU, integrante do orzamento xeral, contén:

- Os estados de gastos, nos que se inclúen, coa debida especificación, os créditos necesarios para atender ao cumprimento das obrigas.
- Os estados de ingresos, nos que figuran as estimacións dos distintos recursos económicos a liquidar durante o exercicio.
- As bases de execución dos orzamentos, específicas para a XMU, sendo de aplicación as do Concello para o non previsto nestas.

4.- Anexos e documentación complementaria.

Ao proxecto de orzamento da XMU acompañáñanse os seguintes anexos e documentación complementaria, de conformidade co disposto nos arts. 166.1 e 168 do TRLRFL:

- Memoria explicativa do seu contido e das principais modificacións que presenta en relación co vixente.
- Resumo da liquidación do orzamento do exercicio 2020.
- Avance da liquidación do orzamento do exercicio 2021, referida, polo menos, a seis meses do exercicio, así como estimación da liquidación do citado orzamento referida a 31 de decembro.
- Anexo de persoal, no que se relacionan e valoran os postos de traballo existentes, tanto os reservados a funcionarios como a persoal laboral e eventual, dándose a oportuna correlación coas dotacións económicas incluídas no capítulo 1 do orzamento de gastos.
- Anexo dos investimentos a realizar no exercicio, debidamente codificado conforme ao artigo 19 do RP.
- Anexo de beneficios fiscais en tributos locais contendo información detallada dos beneficios fiscais e a súa incidencia nos ingresos.
- Un informe económico-financeiro, no que se expoñen as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos, a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento.

5.- Estrutura orzamentaria.

O proxecto de orzamentos da XMU estrutúrase de acordo coas clasificacións establecidas na





XERENCIA DE URBANISMO

CONCELLO DE VIGO

INTERVENCIÓN XERAL

Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, modificada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, ditada en cumprimento do disposto no artigo 167 do TRLRFL.

6.- Prazo de presentación.

O expediente incoado para a aprobación do Proxecto de Orzamento da XMU para o ano 2022 tramítase incumprindo os prazos establecidos no apartado 2º do artigo 168 do TRLRFL, que dispón que o orzamento de cada un dos organismos autónomos integrantes do xeral, proposto inicialmente polo órgano competente daqueles, será remitido é Entidade Local da que dependan antes do 15 de setembro de cada ano.

No entanto, hai que ter en conta que, de acordo cos apartados 2 e 3 do artigo 48 da LPAC¹, a propia presunción de validez e o principio antiformalista co que debe conectarse neste punto, obrigan a non poñer a forma por encima doutros valores como a eficacia ou a garantía de dereitos. É dicir, a rigorosidade na tramitación e cumprimento dos prazos debe así flexibilizarse nos supostos nos que, de acordo con devanditos valores, perda o seu sentido, como é o caso que nos ocupa. Por iso é polo que, aínda que a anulabilidade sexa a regra xeral, non poida afirmarse que calquera defecto do acto determine a súa invalidez, polo que podemos concluír que nos atopamos ante unha irregularidade non invalidante.

7.- Equilibrio e nivelación orzamentaria.

a) Equilibrio orzamentario do art. 165.4 do TRLRFL.

O equilibrio orzamentario é interpretado xenéricamente como a búsqueda de nivelación ou equivalencia entre a totalidade de ingresos e gastos incluídos no orzamento, de forma que os créditos inicialmente aprobados non poderán ser superiores ás previsións de ingresos inicialmente efectuadas.

No ámbito local, así aparece recollido nos artigos 165.4 do TRLRFL e 16 do RP ao dispoñer que cada un dos orzamentos que se integran no orzamento xeral deberá aprobarse sen déficit inicial, isto é, que os ingresos totais previstos deben ser iguais ou superiores aos gastos totais previstos.

Neste sentido, o orzamento da XMU aparece formalmente nivelado nos seus importes de ingresos e gastos, polo que non presenta déficit inicial, dando cumprimento deste xeito ao disposto nos artigos 165.4 da TRLRFL e 16 do RP.

| | |
|------------------|--------------|
| Estado de gastos | 8.540.995,85 |
|------------------|--------------|

1 O artigo 48 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPAC, nos seus apartados 2 e 3, ao igual que establecía o artigo 63 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, dispón o seguinte:

"2. No obstante, el defecto de forma sólo determinará la anulabilidad cuando el acto carezca de los requisitos formales indispensables para alcanzar su fin o dé lugar a la indefensión de los interesados.

3. La realización de actuaciones administrativas fuera del tiempo establecido para ellas sólo implicará la anulabilidad del acto cuando así lo imponga la naturaleza del término o plazo".



**XERENCIA DE URBANISMO**

CONCELLO DE VIGO

INTERVENCIÓN XERAL

| | |
|-----------------------------|--------------|
| Estado de ingresos | 8.540.995,85 |
| Déficit / superávit inicial | 0,00 |

b) Déficit ou superávit por operacións correntes.

O artigo 5 da Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, dispón que a clasificación económica dos gastos agrupará os créditos por capítulos separando as operacións correntes (capítulos 1 a 4), as de capital (capítulos 6 e 7) e as financeiras (capítulos 8 e 9) de acordo coa estrutura que se detalla no anexo III da mesma.

Pola súa beira, o artigo 9 da citada Orde establece que as previsións incluídas nos estados de ingresos do orzamento da entidade local clasificaranse separando as operacións correntes (capítulos 1 a 5), as de capital (capítulos 6 e 7) e as financeiras (capítulos 8 e 9), de acordo coa estrutura se detalla no anexo IV desta orde.

Segundo esta clasificación, o proxecto de orzamento para o ano 2022 presenta o seguinte desglose:

| | |
|---|--------------|
| PREVISIÓN DE INGRESO POR OPERACIÓN CORRENTE | 7.658.995,85 |
| CRÉDITOS DE GASTO POR OPERACIÓN CORRENTE | 7.440.995,85 |
| SUPERÁVIT POR OPERACIÓN CORRENTE | 218.000,00 |

Polo tanto o Proxecto de Orzamento da XMU preséntase nivelado e con superávit corrente suficiente para financiar os gastos de capital non financeiros (capítulos 6 e 7 do orzamento de gastos).

8.- Bases de execución dos orzamentos.

Examinadas as Bases de Execución do Orzamento específicas da XMU para o exercicio 2022, non se aprecian incumplimentos da normativa vixente en materia orzamentaria nin económico-financeira, entendendo que o seu contido e finalidade axústanse ao establecido na normativa reguladora das facendas locais.

En particular, a base 6ª das citadas inclúe a relación expresa e taxativa dos créditos ampliables, con detalle dos recursos afectados:

| Crédito ampliable / Aplicación | Recurso afectado / Concepto |
|--|---------------------------------|
| 1510.2279905 "Execucións subsidiarias" | 39902 "Execucións subsidiarias" |

A contía da ampliación será como máximo polo importe que supere a recadación neta sobre as previsións orzamentarias, sendo as previsións iniciais de 100.000,00 euros.

A mesma base 6ª establece que o crédito da partida 1510.6220000 "Investimentos edificios Praza da Igrexa" está afectado á resolución da concesión da correspondente subvención dos fondos europeos e vinculado, polo tanto, o ingreso previsto no concepto 72090 "Financiamento edificios Praza da Igrexa, FRTR".



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Xerencia de Urbanismo - Vigo | Data impresión: 22/10/2021 11:16 | Página 4 de 8 |
| EXPEDIENTE 13843_407 | CSV: 268HAB-265725-5HB12F-A5C9JP-3QRHST-EH | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |



XERENCIA DE URBANISMO
CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL

9.- Gastos de persoal.

No capítulo I do orzamento de gastos figuran as retribucións e o custo de seguridade social do persoal directivo e do persoal propio da Xerencia Municipal de Urbanismo. Asemade inclúese a dotación para contratos laborais temporais, produtividade, gratificacións, formación e fondo social, entre outros aspectos.

O importe total dos créditos incluídos no Anexo de persoal é coincidente co importe total consignado nas correspondentes aplicacións do capítulo 1º do estado de gastos, cuxas dotacións recollen remuneracións únicamente polos conceptos retributivos establecidos na normativa de función pública.

As dotacións incluídas no capítulo I do estado de gastos increméntanse un 4,94% con respecto ao exercicio 2021. Contémplase a previsión dun incremento salarial aplicable ao persoal municipal no exercicio 2022 do 2%. Asimesmo, recóllese a creación de novas prazas, para a estabilización do emprego público, e o fomento da promoción interna.

As retribucións dos funcionarios consignadas no proxecto de orzamentos e documentación anexa, axústanse na súa contía e distribución, no que se refire ao soldo, trienios, pagas extraordinarias e complemento de destino, ao establecido na Lei de Orzamentos Xerais do Estado, de conformidade co disposto nos artigos 2 e 3 do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local.

No capítulo I "Gastos de Persoal" tamén se inclúen, entre outros, os créditos necesarios para atender os gastos por achegas aos plans de pensións do persoal dependente da XMU, así como a contía necesaria para o pago do "Fondo Social" aos traballadores.

En definitiva, os créditos asignados ás aplicacións orzamentarias do capítulo 1º do estado de gastos estímnanse suficientes, globalmente considerados, para atender todas as retribucións fixas e variables a satisfacer pola XMU ao persoal que presta os seus servizos neles, os gastos por cotizacións obligatorias aos distintos réximes de Seguridade Social, as prestacións sociais así como os gastos de natureza social realizados en cumprimento de acordos e disposicións vixentes.

10.- Gastos en bens correntes e servizos.

Segundo consta no informe económico-financeiro, no capítulo II prevense os gastos para o funcionamiento dos servizos de natureza corrente (arrendamentos, mantimentos e conservación, material ordinario non inventariable, comunicacións, limpeza, seguridade, asistencias técnicas e outros contratos de servizos), así como as axudas de custos dos cargos directivos e de persoal. Consígñase o crédito dos contratos de limpeza do edificio da Xerencia, de seguridade e vixilancia, de mantemento da calefacción, dos ascensores e de copiadoras e do servizo da Oficina Municipal de Rehabilitación. Existe pois consignación suficiente para garantir o funcionamento normal da Xerencia de Urbanismo.

Para maior detalle e explicación remítome ao contido do informe económico-financeiro que obra no expediente.



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Xerencia de Urbanismo - Vigo EXPEDIENTE 13843_407 | Data impresión: 22/10/2021 11:16 CSV: 268HAB-265725-5HB12F-A5C9JP-3QRHST-EH | Páxina 5 de 8 |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |



XERENCIA DE URBANISMO
CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL

11.- Investimentos.

Neste capítulo inclúense os créditos necesarios para financiar os proxectos previstos no anexo de investimentos incorporado ao expediente que se financian con recursos propios do exercicio. Isto é, a totalidade das operacións de capital non financeiro do exercicio fináncianse co superávit corrente ordinario ou aforro bruto do exercicio.

Lémbrese que o produto da monetarización do PMS obtido en exercicios anteriores ao 2022, como consecuencia do alleamento dos bens que o integran, constitúe un recurso afectado ao cumprimento das finalidades impostas pola lexislación urbanística², polo que ao tratarse de ingresos que deben destinarse a financiar gastos orzamentarios específicos e determinados, deben de ser obxecto dun adecuado control e seguimento contable de modo que os remanentes dos créditos para investimentos financiados con cargo a ditos recursos deben obligatoriamente incorporarse ao Orzamento do exercicio 2022 mediante a oportuna modificación orzamentaria.

12.- Orzamento de ingresos.

No que se refire ás previsións de ingresos, compre salientar os aspectos seguintes:

No capítulo III ("Taxes e outros ingresos") as contías actualizáronse de acordo cos datos de recadación efectiva relativos ao presente exercicio, estimándose o importe total consignado no citado capítulo (1.665.380,85 euros), congruente, no seu conxunto, cos datos que constan no avance de liquidación incorporado ao expediente.

No capítulo IV ("Transferencias correntes") consígñase a achega da entidade matriz á XMU para contribuír aos gastos de funcionamento do organismo por importe de 5.829.965 euros, que non varía respecto do exercicio anterior. O importe desta achega representa un 76,12% dos ingresos totais por operacións correntes da entidade, o que reflicte un elevado nivel de dependencia económica do Concello de Vigo.

Tamén, conforme ao previsto no informe económico-financeiro, neste capítulo actualízanse as achegas da Xunta de Galicia para o financiamento do PXOM e da Oficina de Rehabilitación, desaparecendo a primeira e incrementándose a segunda ata os 162.650,00 euros.

No capítulo VI ("Alleamento de investimentos reais") non se prevé importe algúun xa que non está previsto o alleamento de bens integrantes do PMS ao longo do exercicio.

2 O artigo 134 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do chan de Galicia, establece que os bens do patrimonio público do chan deben ser destinados a algún dos seguintes fins:

- a) Construción de vivendas suxeitas a algún réxime de protección pública.
- b) Actuacións públicas de interese social e as vinculadas á propia planificación e xestión urbanística, en especial ao pago en especie, mediante permuta, dos terreos destinados a sistemas xerais e locais de dotacións públicas, ou a gastos de reacollo e retorno e pago de indemnizacións ou justiprecios por actuacións urbanísticas.
- c) Conservación e mellora do medio ambiente, do medio rural e do patrimonio cultural construído.
- d) Creación de chan para o exercicio de actividades empresariais compatibles co desenvolvemento sustentable.
- e) Conservación, xestión e ampliación do propio patrimonio público do chan.
- f) Aqueloutras finalidades previstas na lexislación vixente.



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Xerencia de Urbanismo - Vigo EXPEDIENTE 13843_407 | Data impresión: 22/10/2021 11:16 | Páxina 6 de 8 |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | CSV: 268HAB-265725-5HB12F-A5C9JP-3QRHST-EH | |

**XERENCIA DE URBANISMO**

CONCELLO DE VIGO

INTERVENCIÓN XERAL

No capítulo VII créase o un novo concepto procedente dos fondos "Next Generation" da Unión Europea cunha previsión de 850.000,00 euros. Ten como destino a construcción do Centro de recepción de visitantes nas edificacións da Praza da igrexa, recollido no capítulo 6 do orzamento de gastos.

Resumo por capítulos.

| | 2021 | 2022 | Variación 2022 / 2021 | % s/ total |
|----------------------------------|---------------------|---------------------|--------------------------|-----------------|
| Capítulo 3 | 1.382.622,68 | 1.665.380,85 | 20,45 % | 19,50 % |
| Capítulo 4 | 6.180.138,90 | 5.992.615,00 | -3,03 % | 70,16 % |
| Capítulo 5 | 1.000,00 | 1.000,00 | 0,00 % | 0,01 % |
| Ingresos correntes | 7.746.605,31 | 7.658.995,85 | -9,76 % | 89,67 % |
| Capítulo 6 | 0,00 | 0,00 | 0,00 % | 0,00 % |
| Capítulo 7 | 0,00 | 850.000,00 | 100,00% | 9,95% |
| Ing. De capital non financeiros | 0,00 | 850.000,00 | 0,00 % | 9,95 % |
| Capítulo 8 | 32.000,00 | 32.000,00 | 0,00 % | 0,37 % |
| Ingresos por operac. financeiras | 32.000,00 | 32.000,00 | 0,00 % | 0,37 % |
| TOTAL | 7.595.761,58 | 8.540.995,85 | 12,44 % | 100,00 % |

13.- Tramitación e aprobación.

O orzamento será proposto inicialmente polo órgano competente do Organismo Autónomo, que segundo os seus Estatutos é o Consello Reitor e remitirase á Entidade Local da que depende, acompañado de toda a documentación necesaria. Sobre a base destes e dos demais orzamentos de Organismos e sociedades dependentes, formarase o orzamento xeral que, acompañado polos Anexos e demais documentación e, debidamente informado e ditaminado pola Comisión correspondente, remitirase ao Pleno da Corporación para a súa aprobación, emenda ou devolución, en acto único, en cumprimento do previsto no artigo 168.4 e 5 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 33.2 c) da vixente Lei 7/85, Reguladora das Bases de réxime Local.

O orzamento xeral, debidamente aprobado (aprobación inicial, anuncio en BOP, exposición ao público por 15 días hábiles e, no seu caso, resolución de reclamacións), entrará en vigor no exercicio 2022, unha vez publicado no BOP, resumido por capítulos, de cada un dos que o integran. Simultaneamente, remitirase copia á Administración do Estado e á correspondente Comunidade Autónoma.

Desde entón todos os créditos do Estado de gastos, atoparanse na situación de dispoñibles.

Con todo, os créditos orzamentarios consignados afectados á concesión de subvencións, terán a súa dispoñibilidade condicionada á existencia de documentación que acredite o compromiso firme de achega.



Copia do documento - Xerencia de Urbanismo - Vigo

Data impresión: 22/10/2021 11:16

Páxina 7 de 8

EXPEDIENTE 13843_407

CSV: 268HAB-265725-5HB12F-A5C9JP-3QRHST-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



XERENCIA DE URBANISMO
CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL

14.- Avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

A elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos realizaranse nun marco de estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea. Entenderase cumprido o obxectivo cando os orzamentos iniciais consolidados alcancen, en termos de capacidade de financiamento, de acordo coa definición do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, o obxectivo de equilibrio ou superávit estrutural.

Por mandato legal, art. 16.2 do RD 1463/2007 de 2 de novembro que aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, na súa aplicación ás EELL, a intervención local elevará a Pleno informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da entidade local, dos seus organismos e entidades dependentes. O informe referido é independente e emítese con carácter previo ao acordo do órgano competente para a aprobación do orzamento.

A observancia do cumprimento realizaase entre outros momentos, na aprobación do orzamento, (art. 4.1 RD 1463/2007) e, a súa consecución debe examinarse a nivel de estados consolidados, polo que se remite á análise que se realice no expediente de Orzamento Xeral do Concello de Vigo para o ano 2022.

Conclusións.

Por canto antecede, esta Intervención emite o presente informe preceptivo favorable ao proxecto do Orzamento do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo para o exercicio 2022 ao amparo do disposto no artigo 168.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e o 18.4 do R.D. 500/90, de 20 de abril, polo que se desenvolve a LFL en materia orzamentaria.

No lugar e data da sinatura dixital
O INTERVENTOR XERAL,
Asdo. Alberto Escariz Couso



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Xerencia de Urbanismo - Vigo EXPEDIENTE 13843_407 | Data impresión: 22/10/2021 11:16 | Página 8 de 8 |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | CSV: 268HAB-265725-5HB12F-A5C9JP-3QRHST-EH | |